



O escritor e xornalista lugués **Miguel-Anxo Murado** (1965) é autor dunha diversa obra literaria que abrangue case todos os xéneros. A súa bibliografía inclúe, pois, dous libros de poesía: *Bestiario dos descontentos* (1985) e *Lapidario* (2000), mais tamén autobiografías como *Fin de século en Palestina* (2008), obras teatrais como *A gran noite de Fiz* (1994) ou *Historias peregrinas* (1995) e, sobre todo, libros de relatos entre os que destacan *Ruído, relatos de guerra* (1995) e *O soño da febre* (2007). En lingua castelá publicou sobre todo ensaios, coma o inesquecible *Otra idea de Galicia* (2008). Murado tamén ten escrito longametraxes para o cinema (*La ley de la frontera, Finisterre*) e series para televisión, tanto dramas (*Tres días de abril, Juana de Vega*) coma comedias (*Pratos combinados*) e documentais (*Croacia, voces e disparos* ou *O incerto señor Cunqueiro*). Os seus artigos literarios están recollidos en varios volumes: *Escrito en cafeterías, Libro de horas* e o inminente *Tres minutos no aire*.

Ademais do seu traballo literario, ten desenvolvido durante anos unha intermitente actividade como xornalista especializado en conflitos internacionais. Na década dos noventa cubriu as guerras dos Balcáns, e residiu varios anos en Oriente Medio, onde traballou para as Nacións Unidas e logo como correspondente en Xerusalén para o diario El Mundo. Na actualidade escribe regularmente na prensa galega (*La Voz de Galicia*), así como –en inglés– na prensa británica (*The Guardian, The Observer*) e norteamericana (*The New York Times, New York Review of Books*).

Na existencia do Mundo non tiven concurso, nin concurso na vida, nin na xente. Non movo as árbores –como din que fai o vento–, nin fago caer a folla poñéndolle peso marelo, nin a piña grosa que esvara ata o chan.

Mais, iso si, son o rego oculto das cousas, o pingo implacable –a única enumeración que importa–, a auga que vai lentorecendo as cousas, de mocidade primeiro e de podredume logo, ata matarlles a vida. Eu, o grande defecto da Eternidade.

(0 tempo)

←
(MIGUEL-ANXO MURADO)
Luns **14** de xaneiro
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

POETAS DI(n)VERSOS 2019
Valter Hugo Mãe

 CORUÑA
PRÓXIMA



Nado en Angola en 1971, **Valter Hugo Mãe** é o pseudónimo literario do prolífico escritor portugués Valter Hugo Lemos, que se criou en Paços de Ferreira e dende 1980 mudouse para Vila do Conde, ambas en Portugal. Na Universidade do Porto licenciouse en Dereito e acadou un posgrao en Literatura Portuguesa Moderna e Contemporánea. En 1999 foi co-fundador da editorial Quasi, que daría ao prelo autores como Caetano Veloso, Antonio Ramos Rosa ou Ferreira Gullar. Ademais de editor, é artista plástico, cantante e presentador de televisión.

Pero no mundo das letras iniciouse como poeta. Fíxoo en 1997 e, dende entón, deu ao prelo quince poemarios entre os que cabe salientar *silencioso corpo de fuga* (1996), *três minutos antes de a maré encher* (2000), *útero* (2003), *livro de maldiçoês* (2006), *pornografia erudita* (2007), *folclore íntimo* (2008), *contabilidade* (2010) ou o máis recente, *publicação da mortalidade* (2018).

É tamén autor de contos, de columnas xornalísticas, de literatura infantil e de novelas. Considerado un dos máis destacados autores portugueses da actualidade, traducido a unha chea de linguas e amplamente publicado no Brasil, Alemaña, Francia ou España, pola súa obra ten recibido premios coma o Almeida Garrett ou o Portugal Telecom, aínda que o maior recoñecemento lle chegou ao alcanzar o prestixioso Premio José Saramago pola segunda das súas novelas que conforman a chamada 'tetraloxía das minúsculas', escritas sen maiúscula ningunha.

POEMA SOBRE O AMOR ETERNO

inventaram um amor eterno. trouxeram-no em braços para o meio das pessoas e ali ficou, à espera que lhe falassem. mas ninguém entendeu a necessidade de sedução. pouco a pouco, as pessoas voltaram a casa convictas de que seria falso alarme, e o amor eterno tombou no chão. não estava desesperado, nada do que é eterno tem pressa, estava só surpreso. um dia, do outro lado da vida, trouxeram um animal de duzentos metros e mil bocas e, por ocupar muito espaço, o amor eterno deslizou para fora da praça. ficou muito discreto, algo sujo. foi como um louco o viu e acreditou nas suas intenções. carregou-o para dentro do seu coração, fugindo no exacto momento em que o animal de duzentos metros e mil bocas se preparava para o devorar

←
(VALTER HUGO MÃE)
Luns **14** de xaneiro
20:30
ÁGORA
www.centroagora.es

POETAS DI(n)VERSOS 2019
Miguel-Anxo Murado

 CORUÑA PRÓXIMA